

PREGUNTA: Contextualice historicamente o seguinte poema:

¡Irmáns! ¡Irmáns galegos!  
¡Dende Ortegá ó Miño  
a folla do fouciño  
fagamos rebrilar!  
Que vexa a Vila podre  
conveira de canalla,  
á Aldea que traballa  
disposta pra loitar.  
Antes de ser escravos  
¡irmáns, irmáns galegos!  
que corra o sangue a regos  
dende a montana ó mar.  
¡Ergamonos sin medo!  
¡Que o lume da toxeira  
envolva na fogueira  
o pazo señorial!  
Xa o fato de caciques,  
ladróns i erexes, fuxe  
ó redentor empuxe  
da ialma nacional.  
Antes de ser escravos  
¡irmáns, irmáns galegos!  
que corra o sangue a regos  
dende a montana ó mar.

Ramón Cabanillas. "Himno de Acción Galega". *Vento mareiro* (1915)

#### EXEMPLO DE RESPOSTA

En Galicia, o primeiro terzo do século XX, malia a emigración, caracterizouse por unha tendencia á modernización, tanto social coma económica. Créanse os primeiros sindicatos agrarios para protestar polas pésimas condicións neste sector. Este movemento recibiu o nome de *agrarismo* e Basilio Álvarez (á fronte de "Acción Gallega") foi un dos seus principais dirixentes. Asemade destacar o auxe da industria conserveira, da construción naval e do sector eléctrico, que propiciaron o incremento de habitantes nos núcleos urbanos.

É neste contexto cando se crea a primeira das Irmandades da Fala na Coruña (1916), dez anos despois da fundación da RAG. As Irmandades da Fala eran asociacións creadas co obxectivo de estender o uso da lingua galega na vida pública. Tiveron presenza tanto no eido político coma no cultural e literario. En relación co primeiro, hai que facer fincapé na súa defensa do galeguismo e do nacionalismo. No tocante ao segundo, temos que destacar a súa achega co nacemento de revistas ("A Nosa Terra") ou editoriais (Céltiga, Lar), que supuxeron unha vía clave da difusión da lingua galega.

No xénero poético destacamos o papel de Ramón Cabanillas, que xogou un importante papel na creación dunha identidade propia do pobo galego. A súa obra manifesta plenamente os intereses temáticos e estilísticos do nacionalismo, motivo que o leva a ser declarado "Poeta da Raza". A poesía de Cabanillas caracterízase pola variedade temática e estilística. Nas primeiras

obras destaca a poesía de denuncia social e significación cívica, mentres que nas últimas predomina o lirismo sentimental e intimista.

## ANÁLISE DA RESPOSTA, sinalando as partes do contexto

### CONTEXTO HISTÓRICO

En Galicia, o primeiro terzo do século XX (**cronoloxía**), malia a emigración, caracterizouse por unha tendencia á modernización, tanto social coma económica. Créanse os primeiros sindicatos agrarios (**movemento socio-político; dato social importante**) para protestar polas pésimas condicións neste sector. Este movemento recibiu o nome de *agrarismo* e Basilio Álvarez (á fronte de "Acción Gallega") foi un dos seus principais dirixentes. Asemade destacar o auxe da industria conserveira, da construción naval e do sector eléctrico (**situación económica**), que propiciaron o incremento de habitantes nos núcleos urbanos.

### CONTEXTO CULTURAL

É neste contexto cando se crea a primeira das Irmandades da Fala (**actividade cultural**) na Coruña (1916), dez anos despois da fundación da RAG (**actividade cultural**). As Irmandades da Fala eran asociacións creadas co obxectivo de estender o uso da lingua galega na vida pública. Tiveron presenza tanto no eido político coma no cultural e literario. En relación co primeiro, hai que facer fincapé na súa defensa do galeguismo e do nacionalismo (**movementos socio-políticos**). No tocante ao segundo, temos que destacar a súa achega co nacemento de revistas ("A Nosa Terra") ou editoriais (Céltiga, Lar) (**actividade cultural**), que supuxeron unha vía clave da difusión da lingua galega.

### CONTEXTO LITERARIO

No xénero poético (**xénero literario**) destacamos o papel de Ramón Cabanillas, que xogou un importante papel na creación dunha identidade propia do pobo galego (**principal achega do autor**). A súa obra manifesta plenamente os intereses temáticos e estilísticos do nacionalismo, motivo que o leva a ser declarado "Poeta da Raza". A poesía de Cabanillas caracterízase pola variedade temática e estilística (**perspectiva xeral da súa obra**). Nas primeiras obras destaca a poesía de denuncia social e significación cívica, mentres que nas últimas predomina o lirismo sentimental e intimista.